

CEM S.E. 14.09.15

PUNTO TERCEIRO: DAR TRASLADO Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DAS CARENCIAS DE PROFESORADO EXISTENTES NOS CENTROS ESCOLARES DE ORDES.

Pola Sra. Presidenta dáse conta da problemática denunciada pola comunidade educativa do CEIP de Mesón do Vento como consecuencia da non cobertura para o curso escolar 2015-2016 do posto de traballo correspondente a un mestre de educación primaria que quedou vacante trala xubilación da súa titular, a pesares de que no catálogo de postos de traballo do Centro consta esa praza, o que deu lugar a que os cursos de 5º e 6º de primaria sexan agrupados nun mesmo curso.

.../...

O Pleno do Consello Escolar Municipal por maioría de dezaoito votos a favor dos seus membros presentes, coa abstención do Sr. Perujo de LLano, sendo vinte e tres o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Esixir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que cumpra a lei e por conseguinte respecte o catálogo de postos de traballo correspondente ao CEIP de Mesón do Vento, aprobado por Orde do 30 de xullo de 2013 (DOG nº 151, do 8 de Agosto de 2013), nomeando con carácter urxente o mestre de educación primaria que falta por incorporar.

Seguidamente, pola Presidenta dáse conta da problemática denunciada pola comunidade educativa do IES Maruxa Mallo de Ordes ante a redución do persoal docente e as condicións climáticas e de espazo do Instituto.

.../...

O Pleno do Consello Escolar Municipal por maioría de dezaoito votos a favor dos seus membros presentes, co voto en contra do Sr. Perujo de LLano, sendo vinte e tres o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se lle manteña un profesor de ciencias dos tres que lle anularon, co fin de poder ter unha ratio acorde coas metodoloxías que o Instituto pretende aplicar e poder ofrecer os Programas de Mellora de Rendemento para poder aplicar as innovacións didácticas que promove a LOMCE e para continuar cos proxectos didácticos nos que está involucrado.
- Que a unidade técnica estude e informe sobre as condicións climáticas, de comodidade dos alumnos no espazo e as laborais dos profesores nas aulas do IES Maruxa Mallo.